



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 14 de novembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 7 de novembro de 2018.
2. Apróbase a Oferta de Emprego Público 2018.
3. Concédese licenza de obras maiores para adecuación de muro existente e construción de garaxe en planta baixa da parcela 580 do polígono 29 en Cruceiro do Vento, Marín.
4. Concédese licenza de legalización de obras de reforma de fachada posterior, de rehabilitación de edificación anexa a vivenda, de construción de porche e de mantemento de muro de peche existente de mampostería, sitas en dúas parcelas na Estrada Campo, nº 48, Marín.
5. Rectifícase erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2018, de adjudicación, mediante concertación directa, do arrendamento de parcela para aparcadoiro en Dr. Otero Ulloa, nº 80, Seixo, Marín, no relativo ó prezo de adjudicación do mesmo, sendo o prezo correcto 175 euros mensuais, IVE excluído.
6. Exclúense as ofertas anormalmente baixas, clasifícanse as ofertas admitidas e requírese documentación á máis vantaxosa no expediente de contratación das obras de “Humanización da rúa Concepción Arenal entre rúa José Trasande e rúa Real de Cantodarea”.
7. Dáse conta da comunicación da Deputación de Pontevedra relativa á xustificación dos gastos imputables ao exercicio 2019 con cargo ao Plan Concellos 2018-2019.
8. Dáse conta da concesión de subvención ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, para o financiamento do investimento “Reposición de pavimentos no rural de Marín 2018”, por importe de 198.169,83 €.
9. Solicítase subvención ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, para o financiamento do investimento “Substitución de cuberta do lavadoiro do río de Casás e acondicionamento do entorno”, por importe de 48.004,31 €.
10. Solicítase subministración de elementos de mobiliario, en concreto 100 papeleiras e 100 bancos, ao abeiro do programa de mellora de espazos públicos durante o exercicio 2018, da Deputación de Pontevedra.
11. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Adxudícase o contrato de subministración de “Equipamento da biblioteca municipal de Marín” a favor de “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.”, por importe de 26.715,59 €, financiado ao abeiro do convenio de colaboración asinado, en xullo de 2018, coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BE100U1Z0T7E1G0W1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20180146401
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:35:57	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:35